



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía número 510/2026 de 1 de setembro de 2026, aprobáronse as Bases Reguladoras para a Convocatoria de Axudas ás Entidades Sen Ánimo de Lucro Para o Fomento da Cultura no Ano 2026, que a continuación se indican:

“BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA CULTURA NO ANO 2026

DISPOSICIÓN XERAIS

1. Finalidade e obxecto

Sendo a finalidade desta convocatoria apoiar ás entidades culturais sen fins de lucro no mantemento das súas actividades e nas programacións que desenvolvan en materia de cultura, conforme ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, e con cargo ás partidas orzamentarias correspondentes do Concello de Malpica de Bergantiños, convócanse, para o período que vai comprendido **entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026**, as axudas para os programas que deseguido se detallan:

1.1. Programas, límites de crédito dos programas e aplicación orzamentaria

O importe global para as presentes subvencións será de **20.000,00 €** con cargo á partida 334.48000 do orzamento do Concello de Malpica de Bergantiños para o ano 2026 actualmente en vigor.

PROGRAMA	PARTIDA	CRÉDITO ORZAMENTARIO
1.- PROMOCIÓN CULTURAL	334.48000	17.000,00 €
2.- PROMOCIÓN DAS FOLIADAS	334.48000	3.000,00 €
TOTAL	334.48000	20.000,00 €

1.2. Obxecto das axudas convocadas

1.2.1.- No **Programa de Promoción Cultural** subvencionaranse actividades culturais que se realicen no ámbito xeográfico do Concello de Malpica de Bergantiños, así como os gastos de funcionamento das entidades que as realicen, sempre que teñan unha vinculación directa con estas. As entidades solicitantes deberán dispoñer de sede no Concello de Malpica de Bergantiños.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Con carácter xeral, non poderán ser obxecto de axuda, na presente convocatoria, as actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras axudas do Concello de Malpica de Bergantiños.

Aos efectos desta convocatoria entenderanse como actividades de promoción cultural, as accións, proxectos e programas, nos que os fins principais sexan:

- a) A formación e promoción no campo das actividades escénicas (música, danza, teatro e maxia).
- b) A formación e promoción nos ámbitos da literatura, a fotografía, o cine, as creacións audiovisuais, a pintura, a escultura e demais artes plásticas.
- c) A formación e promoción das artesanías tradicionais, especialmente as que teñan vinculación co Concello de Malpica de Bergantiños e a Costa da Morte.
- d) A promoción, divulgación e posta en valor do patrimonio histórico, histórico artístico, arqueolóxico, natural e astronómico do Concello de Malpica de Bergantiños e a Costa da Morte.
- e) A promoción, divulgación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial do Concello de Malpica de Bergantiños e a Costa da Morte.
- f) As actividades de educación non formal e informal complementarias da actividade dos centros de ensino do Concello de Malpica de Bergantiños e organizadas por entidades da comunidade educativa.
- g) A promoción da lingua galega.
- h) A promoción, difusión e posta en valor das tradicións específicas do Concello de Malpica de Bergantiños e a Costa da Morte.
- i) A promoción, difusión e posta en valor das tradicións específicas de Galicia arraigadas no ámbito local e/ou na Costa da Morte.
- j) O mantemento dos gastos de funcionamento das entidades que impulsen programas, proxectos ou actividades derivadas dos fins anteriores.

Aos efectos do **Programa de Promoción Cultural** entenderanse excluídas as accións, proxectos e programas:

- a) Nos que a finalidade principal e/ou vehicular non se correspondan cos descritos no apartado anterior.
- b) De promoción das festas patronais e festexos, que no seu caso, poderán dispoñer de liñas específicas de axudas.
- c) As foliadas, por ter un tratamento específico no apartado 1.2.2. das presentes bases.

1.2.2.- No **Programa de Promoción das Foliadas**, poderán ser obxecto de axuda as foliadas que se celebren no ámbito xeográfico do Concello de Malpica de Bergantiños.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2. Beneficiarios

Poderán optar a solicitar axudas, no marco dos programas contemplados na presente convocatoria, as entidades culturais i educativas legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións ou no seu defecto ter solicitada a súa inscrición no mesmo.

3. Condicións

3.1. As entidades poderán solicitar axudas ao programa de Promoción Cultural destinadas a unha ou varias accións, proxectos e programas do ámbito cultural (segundo o recollido no apartado 1.2.1), ao Programa de Promoción das Foliadas ou a gastos xerais de funcionamento das entidades directamente relacionados con estas accións.

3.2. O Concello de Malpica de Bergantiños poderá conceder ata un máximo de 4.000,00 €, por ano, polo total das peticións de cada entidade solicitante no Programa de Promoción Cultural e un máximo de 2.000,00 € no Programa de Promoción das Foliadas. As entidades interesadas poderán solicitar axuda para calquera dos programas desta convocatoria ou para os dous programas se fose o caso.

3.3. Para a concesión primarase o maior esforzo económico que a realización das actividades supoña para a entidade solicitante.

3.4. A entidade que recibise unha axuda fará constar en lugar visible e destacado da publicidade da actividade, a colaboración do Concello, coa lenda: “Colabora: Concello de Malpica de Bergantiños” acompañada do logotipo ou o escudo oficial deste. O tamaño do logotipo, escudo e lenda deberá ser, cando menos, de igual tamaño que os restantes que aparezan no mesmo soporte gráfico ou dixital.

3.5. A publicidade e materiais gráficos elaborados con motivo das actividades que reciban axudas do Concello de Malpica de Bergantiños utilizarán o idioma galego.

3.6. Non serán subvencionables os gastos en bebidas alcohólicas, alimentación, nin viaxes ou excursións, neste último caso, salvo que se xustifique suficientemente o seu carácter exclusivamente cultural.

4. Documentación

4.1. As solicitudes deberán formularse a través do Rexistro Electrónico

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

(<https://sede.malpicadebergantinos.es/gl/index.html>), nos modelos normalizados que se facilitarán no Concello de Malpica de Bergantiños. Achegárase a seguinte documentación:

4.1.1.- Formulario de Solicitud Normalizado, que incluirá:

- Datos identificativos e enderezo electrónico da entidade solicitante e a/o súa/seu representante.
- Actividade/s para as que se solicita axuda.
- Importe da axuda solicitada.
- Memoria explicativa da/s actividade/s para as que se solicita axuda. Esta fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, obxectivos, descrición, lugar e calendario de realización da mesma.
- Detalle do orzamento estimativo de gastos e ingresos da/s actividade/s para a/s que se solicita axuda.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento da/o representante para as súas relacións co Concello de Malpica de Bergantiños.
- Declaración da/o representante do coñecemento e aceptación das bases da convocatoria, de que son certos os datos que figuran na solicitude, de non ter concedidas outras subvencións para as actividades para as que solicita axuda, ou se as tivese das cantidades e entidades que as conceden, de non estar incurso/a en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, de autorización, ou non, para comprobar se está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños, de non ter axudas pendentes de xustificación e de comprometerse a aportar os datos que se lle poidan solicitar aos efectos das comprobacións previstas na lexislación vixente.

4.1.2.- Documentación identificativa, que incluirá:

- Copia da tarxeta do CIF da entidade.
- Copia dos estatutos da entidade.
- Acreditación da inscrición da xunta directiva actual no Rexistro de Asociacións de Galicia, ou no seu defecto, certificación da composición actual da xunta directiva.
- Copia da tarxeta do NIF do representante.
- Certificación dos datos bancarios da entidade, actualizada.

4.1.3.- Memorias, que incluirá:

- Memoria explicativa das actividades que ten realizado ou programado realizar no ano 2026.
- Orzamento do ano 2026.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4.1.4.- **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coas administracións públicas**, que incluírán:

- a) Certificado en vigor acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños, salvo que se autorizase expresamente para solicitalos ou obtelos de oficio, segundo caso.

4.1.5.- **Outras autorizacións e/ou acreditacións**, que no seu caso pode incluír:

- a) Solicitud de autorización, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución, total ou parcial, do obxecto da subvención con persoas vinculadas a esta (art. 29.7.d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e art. 68 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións).
- b) De ser o caso, acreditación de dispoñer dun local social aberto ao público.

4.2. O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4, deberá ser emendado no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento.

4.3. A documentación entregárase en 5 arquivos diferentes, en formato PDF, que levarán por nome e contidos os que a continuación se detallan:

- a) “01 Formulario de Solicitud”, seguido do nome da entidade. Inclúir a documentación que se recolle no apartado 4.1.1.
- b) “02 Documentación Identificativa”, seguido do nome da entidade. Inclúir a documentación que se recolle no apartado 4.1.2.
- c) “03 Memorias”, seguido do nome da entidade. Inclúir a documentación que se recolle no apartado 4.1.3.
- d) “04 Certificados de estar ao corrente das obrigas coas AA PP”, seguido do nome da entidade. Inclúir a documentación que se recolle no apartado 4.1.4.
- e) “05 Outras autorizacións e/ou acreditacións”, seguido do nome da entidade. Poderá incluír, segundo caso, a documentación que se recolle no apartado 4.1.5.

5. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

5.1. As solicitudes presentaranse a través do Rexistro Electrónico do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://sede.malpicadebergantinos.es/gl/index.html>) .

5.2. O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días naturais**,

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

contados dende o día seguinte ao de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6. Resolución dos programas

6.1. Actuará como órgano instrutor do procedemento o Animador Sociocultural e como órgano colexiado unha **Comisión Avaliadora**, composta polos seguintes membros:

O alcalde.

A concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio, Deportes e Turismo.

1 concelleiroa/o designada/o polo alcalde que actuará de secretario da Comisión Avaliadora.

6.2. A selección das solicitudes e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades para as que se solicita axuda e a programación de actividades anual, en función dos seguintes criterios:

6.2.1. Promoción cultural:

- Financiamento achegado pola propia entidade (0-1 puntos).
- Número de beneficiados, directa ou indirectamente, polas actividades para as que se solicita axuda (0-2 puntos).
- A programación anual de actividades da entidade (en función do número de actividades, o orzamento total das mesmas, a inclusión de actividades artísticas, a promoción e posta en valor do patrimonio material e inmaterial do Concello de Malpica de Bergantiños ...) (0-26 puntos).
- Acreditar que se dispón de sede social (en propiedade ou aluguer) aberta ao público no Concello de Malpica de Bergantiños (de terse acreditado, valorarase en función do tamaño das instalacións, o uso aberto á cidadanía e a súa funcionalidade) (0-6 puntos).
- Pola eficiencia da entidade na tramitación da solicitude de axuda (en función da realización da solicitude sen ser precisa subsanación) (0-5).
- Interese das actividades para as que se solicita a axuda (de 0-60 puntos), en función de:
 - o A súa repercusión na promoción e difusión do patrimonio material e inmaterial do Concello de Malpica de Bergantiños (en función do número de elementos patrimoniais que se poidan promover, a súa antigüidade ...) (0-20 puntos).
 - o O especial interese etnográfico (en función da súa antigüidade, inclusión de vestimenta tradicional, lendas e actividades artísticas: teatro, música, danza, pintura, escultura ...) (0-15).
 - o O carácter periódico e/ou permanente, fronte ás actividades puntuais (0-10 puntos).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- o A proposta de actividades que complementen a oferta existente (en función da convocatoria de actividades que supoñan unha innovación respecto ás que se ofertaron no termo municipal na anualidade anterior e do número de actividades e as prazas que se oferten en cada unha delas) (0-3 puntos).
- o A asistencia ás xuntanzas de programación participativa (en función do número de xuntanzas de programación participativa á que ten asistido cada entidade) (0-6 puntos).
- o A coordinación co Concello de Malpica de Bergantiños no desenvolvemento das actividades (en función de si se mantivo coordinación de espazos, datas de realización e colaboración con recursos humanos e ou equipamentos) (0-6 puntos).

6.2.2. Promoción das Foliadas.

- Financiamento achegado pola propia entidade (0-2 puntos).
- Número de beneficiados, directa ou indirectamente, pola actividade ou actividades para as que se solicita axuda (0-6 puntos).
- O carácter periódico, fronte ás actividades puntuais (0-1 puntos).
- Pola eficiencia da entidade na tramitación da solicitude de axuda (en función da realización da solicitude sen ser precisa subsanación) (0-1).
- Interese das actividades para as que se solicita a axuda (de 0-40 puntos), en función de:
 - o A **antigüidade** da actividade (0-10 puntos).
 - Menos de 1 ano: 0 puntos
 - Entre 1 e 3 anos: 2 puntos.
 - Entre 4 e 10 anos: 5 puntos.
 - Entre 10 e 15 anos: 8 puntos.
 - Máis de 15 anos: 10 puntos.
 - o A **calidade artística** da proposta de programación de música e/ou danza tradicional, tendo en conta o número de grupos participantes, a súa traxectoria e a calidade das súas propostas escénicas (calidade musical, interpretación, repertorio, vestiario, posta en escena, etc.) (0-15).
 - o Os **equipamentos técnicos** que se teñan previsto para a realización do evento (0-12).
 - o O especial **interese etnográfico** (en función da inclusión de actividades de divulgación de vestimenta, instrumentos musicais e/ou oficios tradicionais, lendas, etc.) (0-3).

6.3. Unha vez emitido informe pola Comisión Avaliadora, o Animador sociocultural, en calidade de órgano instrutor, formulara a proposta de



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

resolución provisional de concesión, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados e concederáse un prazo de 10 días para presentar alegacións. Examinadas as alegacións no seu caso, formularase a proposta de resolución definitiva. De non formularse aquelas, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

6.4. A resolución de concesión definitiva ditarase polo alcalde **nun prazo máximo de 30 días naturais dende a data de remate do prazo de presentación das solicitudes, ou no seu caso, da data límite para a emenda de deficiencias das solicitudes presentadas**. Este prazo poderá modificarse por Resolución da Alcaldía, no caso de que se existan circunstancias que o xustifiquen.

6.5. Non téndose notificado resolución expresa nese prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas. A práctica da notificación axustarase ás disposicións contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. Xustificación e pagamento

7.1.-Consideracións xerais

7.1.1. O gasto xustificado documentalmente deberá acadar o total do importe da axuda concedida, e no caso de existir outras axudas, a suma dos importes das subvencións concedidas para o mesmo obxecto, fosen obtidas de administracións públicas ou de entidades privadas.

7.1.2. O pago das axudas realizarase despois da xustificación, polo beneficiario, do cumprimento da finalidade para a que se concedeu, nos termos establecidos nas presentes bases.

Producirase a perda do dereito ao cobro, total ou parcial, da axuda, no suposto de falta de cumprimento das condicións de xustificación, sendo aplicable o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións en canto ao reintegro e responsabilidades.

7.1.3. Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos na desagregación do orzamento de gastos.

7.1.4. Para o cobro das axudas as entidades deberán estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños.

7.1.5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. O importe das axudas concedidas, en ningún caso, poderá ser, de tal contía que, en concorrencia con



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade obxecto da axuda.

7.1.6. O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello de Malpica de Bergantiños e polo Consello de Contas e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria, e no seu caso, ao disposto no Código Penal.

7.2. Prazo de xustificación

7.2.1. **O prazo para a xustificación das axudas rematará aos 30 días naturais, de ter recibido a comunicación da resolución das subvencións por cada unha das entidades solicitantes.** Este prazo poderá prorrogarse de oficio ou a petición razoada de parte. En calquera caso, a prórroga deberá facerse efectiva con anterioridade ao cumprimento do prazo inicial.

7.2.2. Se non se presentase a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por Resolución de Alcaldía iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final será notificada á entidade.

7.3. Documentación xustificativa

7.3.1. Para o cobramento da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

7.3.1.1. **Formulario de Xustificación Normalizado**, que incluírá:

- Datos identificativos.
- Memoria da actividade subvencionada.
- Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou polo contrario, unha declaración de non ter solicitado ou concedidas outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- Autorización para obter de oficio ou consultar, segundo proceda, se a entidade está ao de corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños.
- Declaración de non estar incurso/a en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas (artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións).
- Certificación da conta xustificativa.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

7.3.1.2. **Acreditación dos gastos realizados**, do xeito seguinte:

- a) As axudas que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos correntes, xustificaranse mediante facturas (cos requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación).

No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificantes as nóminas acreditativas do pagamento e/ou os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais. No seu caso, tamén poderán presentarse as liquidacións de dietas (manutención e/ou aloxamento) e/ou gastos de desprazamentos.

En ambos, os dous casos, deberá acreditarse o pago das facturas ou nóminas que se presenten a efectos da xustificación da axuda. **Para os gastos iguais ou superiores a 1.000,00 euros deberá acreditarse o pago, a través dalgún soporte bancario (transferencia, cheque ou tarxeta de crédito ou débito).**

O gasto, xustificado mediante a documentación sinalada, deberá acadar, polo menos, o importe da axuda concedida, ou a suma das subvencións obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que existan (tal como vén definido na base 7.1.1).

- b) En ningún caso, admitiranse como xustificantes do gasto as cantidades satisfeitas ao Concello de Malpica de Bergantiños, polo uso das súas instalacións.

7.3.1.3. De ser o caso, **memorias de prensa, fotografías e materiais gráficos editados**, así como, tanta documentación contribúa a clarexar a realización e alcance das actividades subvencionadas e que a difusión das actividades obxecto da axuda realizouse en lingua galega e incluíron o logotipo ou o escudo oficial do Concello de Malpica de Bergantiños.

7.3.1.4. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coas administracións públicas**, que incluírán:

- a) Certificado en vigor acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños, salvo que se autorizase expresamente para solicitalos ou obtelos de oficio.

7.3.2. A documentación entregarse en 4 arquivos diferentes, en formato

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

PDF, que levarán por nome e contidos os que a continuación se detallan:

- a) “01 Formulario de xustificación”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 7.3.1.1.
- b) “02 Acreditación dos gastos”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 7.3.1.2.
- c) “03 Memorias gráficas”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 7.3.1.3.
- d) “04 Certificados de estar ao corrente coas AAPP”, seguido do nome da entidade. Incluirá a documentación que se recolle no apartado 7.3.1.4.

7.4. Tramitación da xustificación

7.4.1. Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades e se a documentación fose correcta, procederase ao pagamento do total da subvención concedida.

7.4.2. No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa corrección.

7.4.3. De non xustificarse o 100% do importe concedido nos prazos sinalados, sempre que se acredite o cumprimento da finalidade e se xustifique cando menos o 50% da axuda concedida, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos efectivamente xustificadas.

7.4.4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta bancaria acreditada pola entidade.

7.4.5. Se a xustificación non acadase o 50% do importe concedido e/ou non se acreditase o cumprimento da finalidade, perderase o dereito a recibir a axuda concedida.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Malpica de Bergantiños do exercicio de 2026, así como o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o regulamento xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO I

FORMULARIO DE SOLICITUDE NORMALIZADO DE AXUDA ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA CULTURA NO ANO

2026

1.- SOLICITANTE: (os datos cubertos neste apartado deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada)

Datos da entidade:

Denominación: _____ C.I.F.: _____
Enderezo: _____ C.P. _____
Localidade: _____ Teléfono: _____ Fax: _____
E-mail: _____
Nº de Rexistro na Xunta de Galicia: _____ Nº de Rexistro no Concello de Malpica _____

Enderezo a efectos de notificación:

Enderezo: _____ C.P.: _____ Localidade: _____
Email: _____

Datos da/o representante:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Nome e apelidos: _____ N.I.F.: _____
Teléfono: _____ Relación coa entidade: _____
E-MAIL: _____

PROGRAMA PARA O QUE SOLICITA AXUDA

PROMOCIÓN CULTURAL	
PROMOCIÓN DAS FOLIADAS	

2.- OBXECTO DA AXUDA:

1º PROXECTO OU ACTIVIDADE	ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS	IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA

MEMORIA EXPLICATIVA

Descrición do proxecto ou actividade: (nome da actividade que se pretender realizar, descrición, lugar de realización, etc.)

Obxectivos que se perseguen:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda: (indicar unha cifra aproximada)

Calendario e horario da actividade/proxecto que se pretende realizar: (datas e horarios o máis precisos posibles)

DETALLE DO ORZAMENTO

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
PROPIOS	
SOLICITADOS A ESTE CONCELLO	
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	
XUNTA DE GALICIA	
OUTROS (especificar):	
TOTAL INGRESOS	

2º PROXECTO OU ACTIVIDADE	ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS	IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA

MEMORIA EXPLICATIVA

Descrición do proxecto ou actividade: (nome da actividade que se pretender realizar, descrición, lugar de realización, etc.)

Obxectivos que se perseguen:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda: (indicar unha cifra aproximada)

Calendario e horario da actividade/proxecto que se pretende realizar: (datas e horarios o máis precisos posibles)

DETALLE DO ORZAMENTO

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

INGRESOS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

CONCEPTO	IMPORTE
PROPIOS	
SOLICITADOS A ESTE CONCELLO	
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	
XUNTA DE GALICIA	
OUTROS (especificar):	
TOTAL INGRESOS	

3º PROXECTO OU ACTIVIDADE	ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS	IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA

MEMORIA EXPLICATIVA

Descrición do proxecto ou actividade: (nome da actividade que se pretender realizar, descrición, lugar de realización, etc.)

Obxectivos que se perseguen:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda: (indicar unha cifra aproximada)

Calendario e horario da actividade/proxecto que se pretende realizar: (datas e horarios o máis precisos posibles)

DETALLE DO ORZAMENTO

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
PROPIOS	

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

SOLICITADOS A ESTE CONCELLO	
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	
XUNTA DE GALICIA	
OUTROS (especificar):	
TOTAL INGRESOS	

4º PROXECTO OU ACTIVIDADE	ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS	IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA

MEMORIA EXPLICATIVA

Descrición do proxecto ou actividade: (nome da actividade que se pretender realizar, descrición, lugar de realización, etc.)

Obxectivos que se perseguen:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda: (indicar unha cifra aproximada)

Calendario e horario da actividade/proxecto que se pretende realizar: (datas e horarios o máis precisos posibles)

DETALLE DO ORZAMENTO

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS	

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
PROPIOS	
SOLICITADOS A ESTE CONCELLO	
DEPUTACIÓN DE A CORUÑA	

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

XUNTA DE GALICIA	
OUTROS (especificar):	
TOTAL INGRESOS	

3.- CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE E DO NOMEAMENTO DA/O REPRESENTANTE

Dona/D. _____, con D.N.I nº _____, como
secretaria/o da entidade _____,

CERTIFICA: que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día _____ adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude: _____, así mesmo, acordouse nomear a Dona/D. _____, representante para as relacións desta entidade co Concello de Malpica de Bergantiños.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en Malpica de Bergantiños a _____ de _____, de 2026.

Vº e Prace
A/O Presidenta/e

A/O Secretaria/o



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4.- DECLARACIÓN XURADA (esta declaración deberá realizala a persoa nomeada como representante)

Dona/D. _____ co DNI _____

como representante da entidade _____.

DECLARA: (Marcar cun X onde corresponda)

- ☐ Que coñece e acepta as bases da presente convocatoria.
- ☐ Que son certos cantos datos figuran na solicitude de axuda.
- ☐ Que non lle foi concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- ☐ Que non está incurso/o en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas (artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións).
- ☐ Que autorizo que se comprobe se a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños.
- ☐ Que non ten ningunha axuda concedida polo Concello de Malpica de Bergantiños pendente de xustificación.
- ☐ Que se compromete a aportar os datos que se lle poidan solicitar aos efectos das comprobacións previstas na lexislación actual de subvencións.

Malpica de Bergantiños, a _____ de _____ de 2026.

Sinatura, (representante da entidade)

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE DE AXUDA

☐	A.	Datos identificativos e enderezo electrónico da entidade solicitante e a/o súa/seu representante (inclúese no Formulario de Solicitude Normalizado)
--------------------------	-----------	---

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

B.	Actividade/s para as que se solicita axuda (inclúese no Formulario de Solicitud Normalizado)
C.	Importe da axuda solicitada (inclúese no Formulario de Solicitud Normalizado)
D.	Memoria explicativa da/s actividade/s para a/s que se solicita axuda (inclúese no Formulario de Solicitud Normalizado)
E.	Detalle do orzamento estimativo de gastos e ingresos da/s actividade/s para a/s que se solicita axuda (inclúese no Formulario de Solicitud Normalizado)
F.	Certificación acreditativa do acordo de solicitud e do nomeamento da/o representante para as súas relacións co Concello de Malpica de Bergantiños (inclúese no Formulario de Solicitud Normalizado)
G.	Declaración da/o representante do coñecemento e aceptación das bases da convocatoria, de que son certos os datos que figuran na solicitud, das axudas concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto a outras entidades ou de non ter concedidas outras subvencións para as actividades para as que solicita axuda, de non estar incurso/a en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, de non ter axudas pendentes de xustificación e de comprometerse a aportar os datos que se lle poidan solicitar aos efectos das comprobacións previstas na lexislación actual de subvencións (inclúese no Formulario de Solicitud Normalizado)
H.	Copia da tarxeta do CIF da entidade
I.	Copia dos estatutos da entidade
J.	Copia da tarxeta do NIF da/o representante
K.	Acreditación da xunta directiva actual
L.	Certificación dos datos bancarios da entidade, actualizada
M.	Memoria de actividades da entidade do ano 2026
N.	Orzamento da entidade do ano 2026
Ñ.	Certificado en vigor acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas fronte á Axencia Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños, ou no seu caso, autorización para emitilo de oficio ou solicitalo, segundo proceda
O.	Solicitud de autorización, se procede, no caso de que a entidade solicitante concerte a execución, total ou parcial, do obxecto da axuda, con persoas vinculadas a esta (art. 29.7.d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e art. 68 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións)
P.	De ser o caso acreditación de dispoñer dun local social aberto ao público (acreditación da titularidade, contrato de aluguer, etc.)

Malpica de Bergantiños, a ____ de _____ de 2026.

Sinatura, (representante da entidade)

ANEXO II

FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN NORMALIZADO DAS AXUDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA CULTURA NO ANO

2026

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Dña./D. _____ con DNI _____,
na súa calidade de representante da entidade _____,
e ao efecto de xustificar a axuda concedida a esta, polo Concello de Malpica de Bergantiños, ao abeiro da “**Convocatoria de Axudas ás Entidades Sen Ánimo de Lucro para o Fomento da Cultura 2026**” para o fin que se relaciona _____, xunto á presente a documentación que se sinala cun X:

	A.	Formulario de Xustificación Normalizado
	A.1.	Datos identificativos
	A.2.	Memoria da actividade subvencionada
	A.3.	Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da axuda
	A.4.	Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou unha declaración de non ter solicitado ou concedidas outras subvencións públicas ou privadas
	A.5.	Autorización para obter de oficio ou consultar, segundo proceda, se a entidade está ao de corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á AEAT, fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños
	A.6.	Declaración de non estar incurso/o en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas
	A.7.	Certificación da conta xustificativa
	B.	Acreditación dos gastos realizados (facturas, nóminas, xustificantes de pago, ...)
	C.	Memorias de prensa, fotografías e materiais gráficos editados , así como, outra documentación que contribúa a acreditar a realización e alcance das actividades obxecto da axuda e que a difusión destas realizouse en lingua galega e se incluíron o logotipo ou o escudo oficial do Concello de Malpica de Bergantiños
	D.	Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coas administracións públicas
	D.1.	Certificado de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia (ATRIGA) e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños ou autorización expresa para solicitalos ou obtelos de oficio



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Malpica de Bergantiños ade de 202__.

Asdo.: A/O PRESIDENTA/E / REPRESENTANTE DA ENTIDADE

MEMORIA DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA: (nome da actividade, descrición, datas e lugar de realización, número de participantes, obxectivos acadados, etc.)

Área reservada para o desenvolvemento da memoria da actividade subvencionada.

En Malpica de Bergantiños a ____ de _____ de 202__.

A/O PRESIDENTA/E / REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Asdo.: _____

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Dña./D. _____ Presidenta/e
/Representante da entidade _____ ,

INFORMO:

Que esta entidade _____

1) Ten realizado a/as actividade/es: _____
_____ para a/as que se obtivo a axuda.

2) Que para o mesmo fin obtivéronse as axudas que se relacionan:

ENTIDADE	IMPORTE
TOTAL	

Non se obtivo ningunha outra axuda destinada á mesma finalidade por parte doutra administración pública ou entidade privada.

☐

3) Autoriza a obter de oficio ou consultar, segundo proceda, se a entidade está ao de corrente no cumprimento das obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social, fronte á Xunta de Galicia (ATRIGA) e fronte ao Concello de Malpica de Bergantiños.

☐

4) Non está incurso/o en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas (artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións).

☐

En Malpica de Bergantiños a _____ de _____ de 202__.

A/O PRESIDENTA/E /REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Asdo.: _____

Dña./D.
Secretaria/o da entidade:
CIF:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

CERTIFICO:

Que as facturas que se presentan no expediente de xustificación de gastos, da axuda concedida polo Concello de Malpica de Bergantiños, acreditan a realización das actividades subvencionadas e a súa afectación á finalidade para a que foi concedida:

Nº DE ORDE	Nº DE FACTURA	DATA	PERCEPTORA/R	CONCEPTO	IMPORTE €
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					

En Malpica de Bergantiños a ____ de ____ de 202__.

Vº e Prace
A/O Presidenta/e

A/O Secretaria/o”

O que se somete a información pública aos oportunos efectos.

Malpica de Bergantiños a 3 de setembro de 2026.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o coexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Alcalde

Eduardo José Parga Veiga